

BOLETÍN 37 (CUARTO TRIMESTRE DO 2010)

BIBLIOTECA

COAG LUGO.

Xungla *s.f.*

Terreo poboado de vexetación exuberante, propio de climas tropicais. *A xungla do Amazonas*. CF. *selva*.

As condicións de utilización da biblioteca son as seguintes:





- Consulta libre na propia biblioteca.
- Préstamo por un prazo de 20 días prorrogables a outros 20, sempre e cando o libro non fose solicitado por outro usuario
- A renovación poderá realizarse por teléfono no horario de traballo do encargado da biblioteca.
- O número máximo de obras en préstamo (libros, revistas, CD's ou vídeos indistintamente) é de 6.
- Ó recibirlo préstamo o colexiado faise responsable da correcta manipulación e devolución dos exemplares, podendo solicitárselle a reposición dos exemplares prestados; de non producirse a devolución poderán cargárselle os custos derivados da reposición da obra non devolta.
- Poden solicitarse ou volverse obras mediante servizo de mensaxería ou cos envíos de proxectos. (Os envíos exclusivos de libros ou revistas serán por conta do solicitante)

Infórmovos tamén de que a Biblioteca da Delegación de Lugo do C.O.A.G. trocou a súa dirección de correo electrónico que agora é: bibliotecalugo@colexiodearquitectos.org a disposición dos colexiados para consultas e suxerencias. O horario do bibliotecario é os xoves de 10 a 15 horas aínda que a biblioteca permanece aberta e operativa no horario laboral da Delegación.

marcos failde guerrero

Adquisicións da biblioteca dende outubro a decembro de 2010

Revistas:

<p>2G. 55 Este número de 2G presenta dazaioito proxectos de Robbrecht en Daem, quince de eles construídos, que abarcan dende espazos públicos para diversas cidades belgas (Amberes, Gante o Knokke), equipamentos de gran importancia na cidade, coma o auditorio de Brujas, ata pequenos proxectos insertos na paisaxe, como unha cabana no bosque, unhas torres de observación ou pombas. As obras veñen precedidas dos ensaios críticos a cargo do arquitecto británico William Mann e da actual directora da Whitechapel Gallery de Londres, Iwona Blazwick, e se pechan cunha reflexión do propio Paul Robbrecht acerca da relación entre a pintura e a arquitectura.</p>	
<p>GA Document. 114 Número adicado á décimo segunda Bienal de Arquitectura de Venecia. Jean Nouvel: Serpentine Gallery Pavilion 2010, London, U.K. Querkraft: Museum Liaunig, Carinthia, Austria Frank O. Gehry: Cleveland Clinic Lou Ruvo Center for Brain Health, Las Vegas, Nevada, U.S.A. Sou Fujimoto: Musashino Art University Museum & Library, Tokyo, Japan Tadao Ando: Lee Ufan Museum, Naoshima, Kagawa, Japan</p>	
<p>GA Houses. 118 Satoshi Okada: Villa en Kaikoh Juan Domingo Santos: House on the hillside Mansilla + Tuñón: Twin houses in Tarifa Tadao Ando: House in Nagoya</p>	
<p>Domus. 940, 941 y 942 Os catro últimos números da revista italiana adicada á arquitectura e ó interiorismo.</p>	

Libros:

<p>Ritmos, ciclos comportamientos. La cerámica en la arquitectura. Libro adicado a utilización da nova cerámica na arquitectura no que se amosan exemplos de obras nas que os materiais cerámicos son protagonistas. O libro pretende poñer en valor estes materiais na procura dunha arquitectura durable e sostible.</p>	
<p>El canal real de Manzanares Con esta nova entrega da recién inaugurada colección de Libros de Patrimonio de pequeno formato, o Área das Artes quere dar continuidade ó coñecemento das importantes infraestructuras que se desenrolan historicamente ó longo do río Manzanares. Na presente publicación tratase unha das obras de inxeñería máis interesantes que se realizaron para conseguir o vello sono de facer un Manzanares navegable, o Canal Real de Manzanares.</p>	
<p>El antiguo cementerio del sitio de la Florida. O pasado 2008 celebrouse o bicentenario dos acontecementos en Madrid da Guerra da Independencia. Este libro unicamente pretende relatar unha pequena aportación que dende o Concello de Madrid se realizou para estas datas e que consistiu en restaurar a pequena capela en cuxa cripta se conservan os restos das persoas que morreron executadas na noite do 2 de maio.</p>	
<p>Manual del análisis urbano. Género y vida cotidiana. É moi interesante este manual metodolóxico para a realización de mapas de análise urbanísticos que presenta o colectivo Hiria Kolektiboa, integrado por varios arquitectos e arquitectas urbanistas, no que se analizan as nosas cidades observadas dende o prisma da seguridade cidadana. Con unha sensibilidade matizada pola súa condición maioritarias de mulleres, poñen sobre o papel unha serie de reflexións que partindo das súas propias experiencias, provocan diferentes formas de observar as circunstancias do noso entorno, para que todos e todas poidamos disfrutar da cidade con igualdade de oportunidades.</p>	
<p>Los constructores de la España medieval. No último cuarto do século XX, a Idade Media suscitounos un inusitado interés na mentalidade do home moderno. Os maxistrais estudos e suxestivas obras de síntesis do medievalista Georges Duby, unidas á súa labor de divulgación, tiveron como contrapartida o poder comunicador e vulgarizador do semiólogo Umberto Eco quen non só chegou a afirmar que unha nova Idade Media comezou xa no noso mundo moderno, senon que tamén contribuíu a fomentalo interese pola vella Idade Media a través dunha lograda novela levada despóis ó cine. Todo elo estivo acompañado de un renovado entusiasmo pola investigación dos temas relacionados cos mestres constructores das catedrais góticas a partir dos estimulantes libros de Jean Gimpel e o magnifico colofón de Erlande-Brandenburg. Paralelamente celebráronse multitude de congresos tanto en Estados Unidos como en Europa, coma en territorio nacional... este libro pretende facer unha síntese de todos estes movementos orixinados polo estudo da época medieval.</p>	

Hormigón armado. Jiménez Montoya.

Nova edición revisada e posta ó día en canto ás normativas actuais dun dos tratados sobre o formigón armado máis completos e coñecidos: o Montoya. O libro de cabeceira dos estudosos das estruturas de este material.

Jiménez Montoya Hormigón armado

Alvaro García Meseguer
Francisco Morán Cabré
Juan Carlos Arroyo Portero


1ª edición baseada en la EHE-2008
Ajustada al Código Modelo y al Eurocódigo EC-2

GG

Premio Rodríguez Peña.

Creado en 2007 pola Fundación Galiza Sempre, o Premio Xosé Henrique Rodríguez Peña pretende difundir os valores culturais e patrimoniáis da identidade galega e recoñecer a calidade do labor profesional dos arquitectos na recuperación do patrimonio construído.

Nesta segunda edición notouse un incremento considerable de número de candidatos, no que deberon ter que ver a crise na construción, por un lado, e, posiblemente tamén, o interese que está despertando esta convocatoria especializada na recuperación do patrimonio construído en Galicia.





Biblioteca da Delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia